



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA



FORMACIÓN
Consello da Avogacía Galega



CURSO DE DEREITO DE FAMILIA

Versión xullo 2018



ÍNDICE

Presentación	2
Memoria	2
Características do curso	3
Obxectivos do curso	4
Matrícula e inscricións	4
Certificación académica	4
Equipo	5
Como estudar este curso	5
Probas	7
Biblioteca dixital	7
Foro	8
Programa do curso	10
Estatuto do Consello da Avogacía Galega	16

Presentación

O dereito de familia regula as relacións das persoas pertencentes á institución familiar entre si e respecto de terceiros, tanto nos seus aspectos persoais coma patrimoniais.

Tendo en conta a importancia da familia, como unidade básica da sociedade , faise necesario coñecer as ferramentas xurídicas que regulan determinados procesos ou situacións que poden suceder dentro do ámbito familiar.

Memoria

A familia é unha institución inherente á condición humana e presente en todas as culturas, sendo o marco no que se cultivan as persoas e onde satisfacen as súas necesidades básicas de subsistencia. Cando as sociedades se volven máis complexas, comezan a ditarse normas que regulan as circunstancias que regulan as unidades familiares. O dereito familiar é a rama do dereito encargado de conter estas normas.

Así, é o dereito familiar o que determina cando se crea ou dissolve unha familia, ao igual que define as relacións existentes desde o punto de vista patrimonial.

A aplicación do acto xurídico en diferentes situacións é o que se estuda no presente curso. Concretamente, as fases do procedemento contencioso nos procesos de separación, divorcio e nulidade, a liquidación da sociedade de gananciais, o procedemento de modificación de medidas, o procedemento de menores e as unións de feito.

O curso de dereito de familia impartido polo Consello da Avogacía Galega parte dunha colaboración coa editorial Thomson Reuters Aranzadi, que pon á nosa disposición parte do seu catálogo formativo para chegar ao maior número de profesionais no ámbito territorial de Galicia.



A modalidade formativa en liña facilitará que os contidos estean dispoñibles 24 horas ao día, 365 días ao ano.

Características do curso

Extensión:	★★★★★★★★★★★☆☆
Profundidade:	★★★★★★★★★★★☆☆
Flexibilidade:	★★★★★★★★★★★☆☆

Organiza: Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos colexios de avogados de Galicia e coa participación da editorial Thomson Reuters Aranzadi.

Coordina: Secretaría Técnica CAG.

Dirixido a: profesionais da avogacía galega.

Modalidade: en liña, ou E-learning, desde a web <http://avogacia.gal/formacion>.

Lingua do curso: castelán.

Lingua da plataforma: castelán ou galego, configurable por cada usuario no seu perfil.

Número de horas lectivas: 150.

Prazo de matrícula: ata o 30 de setembro do 2018. Durante os meses de xullo e agosto, o servizo de titoría e o certificado do curso non estarán dispoñibles.

Lugar de matrícula: para letrados e letradas, na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion>.

Prezo: avogados/as e alumnos/as do Máster da Avogacía: 50 €. Colexiados/as non exercentes: 70 €.

Remate do curso: 28 de febreiro do 2019.

Superación do curso: para a obtención do certificado é obrigatoria a superación de todos os exercicios e cuestionarios do curso.



Obxectivos do curso

O curso ten por obxecto analizar as distintas fases do procedemento contencioso, desde a adopción de medidas provisionais previas á demanda de separación, divorcio ou nulidade, ata a execución da sentenza.

Matrícula e inscricións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

O pagamento da matrícula dá acceso inmediato aos contidos do curso.

As consultas coas titoras do curso e a opción de descarga do título do curso estarán dispoñibles a partir de setembro.

Certificación académica

Este curso está homologado polo Consello da Avogacía Galega. Tras completar o estudo de todos os módulos teóricos en liña e trala superación de todos os exercicios e os casos prácticos, poderase descargar automaticamente e imprimir un certificado cun código seguro de verificación que garante a autenticidade do mesmo.



Equipo


O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

Persoa	Tarefa
MARÍA LOURDES CARBALLO FIDALGO AVOGADA ESPECIALIZADA EN DEREITO CIVIL Docente do Máster da Avogacía e da Escola de Formación Social de Vigo	Titoría
MARÍA DEL PILAR CORTIZO MELLA AVOGADA ESPECIALIZADA EN MEDIACIÓN Académica Correspondente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación	Titoría
ANA DARÍA SALAS IGLESIAS AVOGADA ESPECIALIZADA EN DEREITO CIVIL Docente da Universidade de Vigo	Titoría
SERGIO ARAMBURU GUILLÁN AVOGADO Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega	Coordinación do curso
VERÓNICA PAJÓN JACOBÉ DOCUMENTALISTA Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega	Xestión e maquetación

Como estudar este curso

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e material de apoio en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña coas coordinadoras do curso mediante un sistema de foros.

Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os diferentes temas organizados por pestanas:



Dentro de cada un dos temas, atópanse contidos formativos de diferente tipo:

- **Formación interactiva.**



Tema 1. Separación y divorcio de mutuo acuerdo

- Consulta o contido formativo dun xeito interactivo -

- **Formación en PDF.**



Tema 1. Separación y divorcio de mutuo acuerdo

- Consulta e descarga o contido en PDF -

- **Cuestionarios prácticos.**



Tema 1. Cuestionario práctico

Así pois, os contidos teóricos ofrécese:

- Mediante *paquetes SCORM*, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.
- Mediante documentos en formato PDF, que se poden descargar e imprimir, pero que non permiten realizar os exercicios nin outras actividades interactivas.

Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman, porque están en permanente actualización e poden ser variados.



Probas

Ao final de cada tema se realizará unha proba de autoavaliación consistente en cuestionarios de preguntas e respostas breves que haberá que subir á plataforma. Unha vez subido o documento, o alumno/a recibirá un modelo coas repostas correctas para que poida confrontalas coas súas. É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas e completar o estudo co material adicional antes da realización das probas.

Como avaliación final, ademais dun caso práctico recapitulativo, haberá dous cuestionarios de tipo test, que se corrixen automaticamente e que deben ser superados para a obtención do diploma acreditativo da superación do curso.

Biblioteca dixital

Dentro do convenio de colaboración asinado entre o Consello da Avogacía Galega e a editorial Thomson Reuters Aranzadi, inclúese como agasallo unha biblioteca dixital para os inscritos neste curso, a elixir entre os seguintes packs:

PACK 1: Civil

- Código Civil
- Comentarios á Lei de Xurisdición Voluntaria
- Revista Doutrinal Aranzadi Civil Mercantil

PACK 2: Administrativo

- Formularios Contencioso-Administrativo
- Problemas prácticos e actualidade do Dereito Administrativo
- Revista Actualidade Xurídica Aranzadi

PACK 3: Fiscal / Laboral

- Procedementos tributarios
- Prácticum Proceso Laboral
- Revista Actualidade Xurídica Aranzadi



O alumno poderá acceder á biblioteca dixital a través dun enlace, no que previamente terá que facilitar uns datos de rexistro á editorial.

AVISO: A cesión dos datos persoais será realizada voluntariamente polo alumno e a información será xestionada pola editorial Thomson Reuters Aranzadi. O Consello da Avogacía Galega non se responsabiliza da información facilitada polo alumno, nin da súa xestión pola editorial.

Foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e as titoras poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo.

É a través dos foros onde se deben formular as dúbidas sobre o temario, e onde se dan os debates e discusións dos temas do curso. Son unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e constitúen espazos onde, ademais de resolverse dúbidas, serven para cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun foro xeral do curso na parte xeral, na zona superior da aula virtual; aquí as titoras poderán, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, propoñendo temas de debate, etc.



Foro Xeral do Curso



Novidades

Ademais do foro xeral, o alumno/a poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualización de



contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

****Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles**

Programa do curso

TEMA 1. SEPARACIÓN E DIVORCIO DE MUTUO ACORDO

1. Indicacións xerais
 - 1.1. Inconvenientes e vantaxes dos diversos procedementos matrimoniais
 - 1.2. Convenio regulador
2. Análise das incidencias que poden presentarse no procedemento de mutuo acordo
 - 2.1. Fase de presentación da demanda
 - 2.2. Fase de incoación e ratificación
 - 2.3. Fase de tramitación
 - 2.4. Incidente de fixación de medidas de execución

TEMA 2. PROCEDEMENTO CONTENCIOSO. FASE INICIAL

1. Indicacións xerais sobre as medidas provisionais previas á presentación de demanda de separación, divorcio ou nulidade
 - 1.1. Introducción
 - 1.2. Cuestións relacionadas coa solicitude de medidas previas
 - 1.3. Tramitación das medidas previas
 - 1.4. Auto fixando as medidas previas
 - 1.5. Eficacia do Auto de medidas previas
2. Indicacións xerais sobre a modificación ou complemento das medidas
3. Indicacións sobre a vixencia e confirmación das medidas civís acordadas na orde de protección
4. Indicacións xerais sobre as medidas provisionais
 - 4.1. Medidas provisionais solicitadas coa demanda
 - 4.2. Medidas provisionais solicitadas coa contestación á demanda
 - 4.3. Medidas provisionais solicitadas de mutuo acordo polos cónxuxes
 - 4.3. Vixencia das medidas provisionais
5. Medidas cautelares
6. Medidas do artigo 158 do Código Civil



TEMA 3. PROCEDEMENTO CONTENCIOSO. FASE DE ALEGACIÓNS

1. Indicacións xerais sobre a demanda de separación e divorcio
 - 1.1. Introducción
 - 1.2. Causas de separación
 - 1.3. Causas de divorcio
 - 1.4. Encabezamento da demanda
 - 1.5. Os feitos da demanda
 - 1.6. Os fundamentos do dereito
 - 1.7. O suplico
 - 1.8. Os outrosí
 - 1.9. Documentos que deben acompañarse coa demanda
 - 1.10. Copias da demanda
2. Indicacións xerais sobre a contestación á demanda
 - 2.1. Introducción
 - 2.2. Contestación á demanda

TEMA 4. PROCEDEMENTO CONTENCIOSO. FASE DE XUÍZO

1. Indicacións xerais sobre a fase probatoria
 - 1.1. Introducción
 - 1.2. O obxecto da proba
 - 1.3. Carga da proba
 - 1.4. Probas que poden propoñerse
 - 1.5. Momento para propoñer a proba
 - 1.6. Preparación da proba
 - 1.7. Como se propón a proba
 - 1.8. Admisión da proba e as súas incidencias
 - 1.9. Práctica da proba
2. Indicacións xerais sobre o xuízo
 - 2.1. Introducción
 - 2.2. Convocatoria da vista



- 2.3. Cuestións relacionadas coa asistencia das partes
- 2.4. Comezo da vista
- 2.5. As alegacións das partes
- 2.6. Resolución de excepcións procesais
- 2.7. Proposición e práctica da proba
- 2.8. Probas admitidas e non practicadas
- 2.9. Conclusións
- 3. Indicacións xerais sobre a sentenza
 - 3.1. Medidas en relación cos fillos menores de idade
 - 3.2. A pensión alimenticia dos fillos maiores de idade
 - 3.3. A pensión compensatoria
 - 3.4. Peticións en relación cos bens comúns dos cónxuxes
 - 3.5. Condena en costas
 - 3.6. Notificación da sentenza
- 4. Indicacións xerais sobre o recurso de apelación

TEMA 5. EXECUCIÓN DA SENTENZA

- 1. Indicacións xerais sobre a execución de sentenza
 - 1.1. Introducción
 - 1.2. Execución das medidas de carácter persoal
 - 1.3. Execución das medidas en relación coa vivanda
 - 1.4. Execución das medidas de carácter económico
- 2. Indicacións sobre a actualización das pensións
 - 2.1. Introducción
 - 2.2. Procedemento para actualizar a pensión
- 3. Indicacións xerais sobre o impago de pensións
 - 3.1. Introducción
 - 3.2. Medidas de garantía ante o impago de pensións
 - 3.3. Demanda de execución por impago de pensións
 - 3.4. Resolución despachando execución



- 3.5. A oposición á execución
- 3.6. Outras causas de oposición
- 3.7. Resolución resolvendo a oposición
- 4. Problemática de execución dos gastos extraordinarios

TEMA 6. LIQUIDACIÓN DA SOCIEDADE DE GANANCIAIS

- 1. Indicacións xerais sobre os aspectos procesais da liquidación de gananciais
 - 1.1. Introducción
 - 1.2. Liquidación consensual da sociedade de gananciais
 - 1.3. Liquidación contenciosa da sociedade de gananciais
- 2. Indicacións xerais sobre os aspectos substantivos da liquidación de gananciais
 - 2.1. Inmobles
 - 2.2. Mobles
 - 2.3. Indemnizacións

TEMA 7. PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DE MEDIDAS

- 1. Indicacións xerais sobre a acción de modificación de medidas
 - 1.1. Requisitos básicos para a interposición dunha demanda de modificación de medidas
 - 1.2. Cuestións excluídas do procedemento
 - 1.3. Modificación das medidas de carácter persoal
 - 1.4. Modificación da atribución do uso da vivenda
 - 1.5. Modificación da pensión alimenticia
 - 1.6. Modificación da pensión compensatoria
- 2. Indicacións xerais sobre os aspectos procesais do procedemento de modificación de medidas
 - 2.1. Xulgado competente
 - 2.2. Lexitimación activa e pasiva nos procedementos de modificación de medidas
 - 2.3. O procedemento consensual de modificación de medidas
 - 2.4. O procedemento contencioso de modificación de medidas

TEMA 8. PROCEDEMENTO DE MENORES

1. Indicacións xerais sobre as medidas de protección de menores
 - 1.1. Introducción
 - 1.2. A garda de menores
 - 1.3. A tutela ordinaria
 - 1.4. A tutela administrativa
 - 1.5. O acollemento
 - 1.6. A adopción
2. Indicacións prácticas sobre a oposición á declaración de desamparo
 - 2.1. Introducción
 - 2.2. Procedemento de oposición ao desamparo
3. Indicacións prácticas sobre o procedemento de constitución da adopción
 - 3.1. Inicio do expediente de adopción
 - 3.2. Admisión a trámite
 - 3.3. Comparecencia
 - 3.4. A oposición dos pais biolóxicos
 - 3.5. Efectos da adopción
4. Indicacións prácticas sobre a adopción internacional
 - 4.1. Adopción internacional constituída por autoridades estranxeiras
 - 4.2. Adopción internacional constituída polos xulgados e tribunais españois
5. Indicacións prácticas sobre o nomeamento de defensor xudicial e a autorización de disposición de bens ou dereitos de menores
 - 5.1. O defensor xudicial
 - 5.2. Autorización xudicial para a renuncia, enaxenación, gravamen e transacción de bens e dereitos de menores



TEMA 9. UNIÓN S DE FEITO

1. Indicacións xerais sobre o cese de convivencia das parellas de feito
2. Indicacións prácticas sobre os procedementos a seguir para regular as relacións paterno-filiais
 - 2.1. Medidas provisionais previas
 - 2.2. Medidas provisionais coetáneas
 - 2.3. Procedemento contencioso
 - 2.4. Procedemento consensual
3. Indicacións prácticas sobre os procedementos a seguir para fixar pensións alimenticias para fillos maiores de idade e entre convivintes
4. Indicacións prácticas sobre o procedemento a seguir para solicitar indemnizacións ou pensións compensatorias entre integrantes dunha parella de feito
 - 4.1. Unións de feito sometidas a lexislacións autonómicas que contemplan a posibilidade deste tipo de prestacións
 - 4.2. Unións de feito sen regulación legal ou ás que se lles aplican leis autonómicas que non prevén este tipo de prestacións
5. Indicacións prácticas sobre o procedemento a seguir para dividir o patrimonio común da parella de feito

Estatuto do Consello da Avogacía Galega

APROBADO POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O
DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

Artigo 5

No ámbito territorial da súa competencia, [o Consello] terá as seguintes funcións:

5.1. As atribuídas ao Consello Xeral da Avogacía Española pola Lei de colexios profesionais, en canto teñan ámbito ou repercusión soamente no territorio da Comunidade Autónoma e cantas outras lle foran encomendadas por virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran na autonomía e as competencias propias de cada colexio.

(...)

5.4. Fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades con relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional, promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convintes. Establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.

(...)